

PROCEDENCIA: URBANISMO

DESTINO: UNIDADE DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN DIRECTOR.

INFORME EN RELACIÓN A APLICACIÓN DO ARTIGO 183 DA LEI 9/2017, DE 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, POLA QUE SE TRANSPORTAN AO ORDENAMENTO XURÍDICO ESPAÑOL AS DIRECTIVAS DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO 2014/23/UE E 2014/24/UE, DE 26 DE FEBREIRO DE 2014.

A presente contratación ten por obxecto a contratación dos servizos para a redacción do plan director da Cidade do Deporte de Ferrol e do proxecto básico e de execución do desenvolvemento do plan director.

O ámbito obxecto das actuacións para a implantación da cidade do deporte abarca as infraestruturas e equipamentos do Concello de Ferrol nunha superficie de máis de 22,21 Has destinados á práctica deportiva distribuídos en:

1) Case 13.000m² na Cabana onde se atopan as instalacións náutico deportivas, de 2.293 m² de superficie construída, asociadas principalmente aos clubs de remos de San Felipe e da Cabana ademais do Club del Mar de Ferrol.

2) Polideportivo da Malata con 46.135 m² onde se alberga o pabellón do ano 1982, as Pistas de atletismo, así como as Pistas de tenis e pistas de pádel cubertas. Este espazo está adicado fundamentalmente á práctica de baloncesto, fútbol sala, ximnasia rítmica, balonman, atletismo, tenis, pádel, así como o rugby.

3) Instalacións de Punta Arnela cunha parcela de máis de 54.000m² nos que se atopan os diferentes pabellóns da antiga feira de mostras do Noroeste e dun edificio de usos múltiples onde se albergan oficinas, un auditorio e unha dotación de cafetería. Existen edificacións como o da Marina que están en desuso e en mal estado.

En total a superficie construída é de máis de 27.000m² e nos pabellóns 1-2-3 empréganse para as prácticas deportivas de colexios e diferentes clubs de baloncesto, fútbol sala, patinaxe, etc.

O seguinte pabellón (núm. 4) alberga parcialmente a práctica de boxeo e no colindante (núm. 5) está ubicada a escola de mobilidade urbana para que os nenos aprendan as normas básicas de tráfico.

O Vestíbulo alberga a práctica de esgrima, ximnasia, etc de forma simultánea coas oficinas de protección civil, quen tamén dispón dun pabellón ao Norte da parcela.

4) Estadio Municipal da Malata que está ubicado entre o paseo marítimo, a estrada do Porto e o río Sardiña e consta dunha parcela de case 109.000m² dos que consta unha superficie construída que supera os 62.000m².

No ano 1993 veu a substituír o antigo Estadio Manuel Rivera e coñécese por albergar o Racing de Ferrol, pero non é a única actividade deportiva que se sitúa neste espazo; dado que o rocódromo, o ximnasio e a piscina cuberta, así como o kayak polo Copacabana están neste edificio municipal.

Así no entorno, consta unha piscina para a práctica deste deporte acuático e tamén de tres campos de fútbol e dun skate park para a práctica deste deporte.

Á vista do estado actual das instalacións e das necesidades para facer realidade a Cidade do Deporte de Ferrol no eixo A Malata-FIMO-A Cabana deberase actuar de forma integral co obxectivo principal de implantar un polo de referencia para a practica da actividade deportiva nos diferentes niveis e ámbitos deportivos.

Para levar a cabo dita finalidade consta convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia e Xustiza e Deportes e o Concello de Ferrol para o desenvolvemento do proxecto denominado “Ferrol Cidade do Deporte” no que estiman diversas actuacións na “Cidade náutica de A Cabana, Pabellón de A Malata, Pista de atletismo, Campo de Rugby e Pistas de tenis, Recinto ferial FIMO en A Malata, Estadio de A Malata”, entre outros.

Así, a Cidade Deportiva de Ferrol será a maior inversión do deporte base e profesional que garantirá que a cidade de Ferrol poida acoller aos deportistas federados, aos amateurs e aos clubs de diferentes modalidades e especialidades deportivas, contando coa participación activa dos usuarios (clubs, deportistas e tamén dos cidadáns).

Para poder desenvolver con éxito a Cidade do Deporte de Ferrol deberase planificar e teranse que contemplarse as seguintes actuacións principais no eixo A Malata-FIMO-A Cabana:

- Rehabilitación e adecuación interior das edificacións existentes da Cabana para adaptalas como instalacións de remo, buceo e vela. Previsión de pantaláns e rampla de acceso. Zona de ocio asociada a ditos espazos.
- Mellora na envolvente do Pavillón da Malata incluíndo adecuacións interiores e accesos.
- Adecuación do campo de rugby e reparacións da pista de atletismo; así como a mellora das pistas de tenis.
- Remodelación de FIMO nun centro multideportivo para entrenamiento, competición e práctica de actividades deportivas tanto para clubs como para deportistas federados,

así como para a poboación en xeral (escolares, persoas maiores, etc): instalación dunha piscina cuberta, adecuación dos pavillóns en recintos multideportivos, dotación dunha pista cuberta para baloncesto con gradas ao público , mellora dos accesos, urbanización, etc.

- Substitución da cuberta do Estadio da Malata tendo en conta a estrutura e a cubrición; así como actuacións varias no cerramento-envolvente, e varias obras nos interiores.
- Reordenación e adecuación dos espazos deportivos e de ocio ao aire libre no entorno da Malata.

Coa elaboración da figura do Plan Director preténdese obter un documento organizativo e de planificación daqueles obxectivos estratéxicos e das actuacións necesarias para a súa implantación a partir do diagnóstico do estado actual DAFO (fortalezas, oportunidades, debilidades e ameazas), a análise e a identificación das necesidades, avaliación e programación/planificación das actuacións por tempos/fases e cronograma. Tamén constarán aqueles procesos de participación cidadana (comunicación-feedback) para a Cidade do Deporte de Ferrol.

Como primeira aproximación e traballo previo xa se estableceu un programa de traballos esquemático e valoración aproximada distribuída e correspondente aos ámbitos xa indicados no convenio de colaboración: Cidade náutica de A Cabana, Pabellón de A Malata, Pista de atletismo, Campo de Rugby e Pistas de tenis, Recinto ferial FIMO en A Malata, Estadio de A Malata.

Estes documentos, xunto coa memoria xustificativa, realizáronse co obxecto da aprobación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE FERROL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DENOMINADO “FERROL CIDADE DO DEPORTE””.

O Plan Director será o que desenvolverá ditos obxectivos principais e non reviste unha especial complexidade mais aló dun documento organizativo e de planificación como se expresa nos documentos xustificativos das condicións técnicas (PPT, informe adxunto ao PPT, informe xustificativo da necesidade, etc) para a contratación destes servizos de redacción.

Tamén se contempla a redacción do Proxecto Básico e de Execución das actuacións que desenvolvan o Plan Director.

Este proxecto dará cumprimento aos principais obxectivos coa finalidade de mellorar as principais instalacións deportivas e o fomento do deporte para todas as persoas, de xeito que a Cidade do Deporte de Ferrol sexa un referente para o deporte federado (entrenamento intensivo, competicións, etc) como para a práctica deportiva de todos os cidadáns da cidade de Ferrol como os da contorna.

A complexidade técnica e de coordinación que esixe a execución dunha rúa tipo da cidade de Ferrol ou dunha instalación deportiva como o propio Estadio da Malata (onde recentemente xa se actuou), non se caracterizan por ter unha complexidade que necesiten dunha especial resposta ou innovación fóra da resposta propia que encaixa cun proxecto técnico redactado por un equipo multidisciplinar para as instalacións e dotacións deportivas da Cidade do Deporte.

Por outra banda, a redacción do Proxecto Básico e de Execución para o desenvolvemento do Plan Director non se estima superior en complexidade a outros proxectos técnicos que xa se realizaron na cidade de Ferrol sen necesidade de fixar o concurso de proxecto para dar resposta á solución xa executada:

rehabilitación dos edificios residenciais en Recimil: Praza de España 23-25, Ares 1-2, Ares 3-4, Betanzos 1-8, Narón 1-6, Dez de Marzal 1-4, así como a reforma e subsanación de patoloxías no Estadio da Malata, reforma e mellora de accesibilidade no Centro Polideportivo de Esteiro, ou incluso obras de espazos públicos como a rúa San Francisco, rúa Igrexa, Parque de San Francisco, apertura da rúa Miramar, apertura da rúa Máximo Ramos, Parque Raíña Sofía, etc.

As obras dos edificios presentan similar complexidade no que amellora da envolvente, a reforma das instalacións e a accesibilidade son obxectivos principais das actuacións como tamén se establecen no presente proxecto.

Incluso nestes exemplos as instalacións urbanas (renovación e coordinación de servizos urbanos con afección á infraestruturas xerais en usos para a dotación de arterias principais da cidade: rede eléctrica, rede de saneamento, rede de gas, etc) e as afeccións patrimoniais (muralla de San Francisco, etc) son máis complexas que o proxecto que da lugar ao presente informe.

O proxecto técnico suscrito polo equipo multidisciplinar (composto por arquitecto, enxeñeiro de camiños, canais e portos ou enxeñeiro técnico de obras públicas, licenciado INEF, etc) garante

que a solución da Cidade do Deporte no eixo A Malata-FIMO-A Caban sexa de maior calidade e funcional e afine a resposta nos diferentes planos ou competencias:

mellora das instalacións deportivas, mellora da envolvente dos edificios existentes, fomento dos usos deportivos (así como recreativos) no ámbito, intervencións con afección patrimonial, mellora da accesibilidade, etc

Así nos documentos xustificativos das condicións técnicas (PPT, informe adxunto ao PPT, etc) establécense desglosados e suficientes criterios de valoración dependentes de xuízo de valor e de forma automática para poder acadar a mellor resposta dos licitadores para dar cumprimento aos obxectivos principais para facer realidade a Cidade do Deporte de Ferrol.

A figura do proxecto técnico previsto responde á perfección dada o nivel de complexidade técnica, medioambiental e paisaxística, funcional e urbanística expresado nos párrafos anteriores e considérase máis que suficiente para ter unha resposta axeitada aos obxectivos principais de Cidade do Deporte de Ferrol; por este motivo e polos expostos anteriormente, desde o punto de vista das miñas competencias, informo que a redacción do Plan Director e do Proxecto de Cidade do Deporte de Ferrol non responde á especial complexidade polo que non está no suposto do ámbito da aplicación do artigo 183 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Ferrol, na data da sinatura dixital.

A arquitecta municipal

María José González Novo